



Progamaçión igualdade benestar Xuventude emprego 2011

xaneiro-febreiro. Concurso de fotografía. Prazo: 21 de febreiro

3 de marzo. Entroido, Xoves de Comadres e de Compadres. Saída desde a Casa do Concello ás 20.30 h da “procesión dos Laións” acompañados da charanga os Galacticos.

As comadres: restaurante Casa Campaña, ás 22.00 h, amenizada polo Dúo Prisma.
Menú: 30 €

restaurante O Almacén do Avó, ás 22.00 h, amenizada por Najla e Piñeiro. Menú: 30 €

Os compadres: restaurante Faro 2, ás 22.00 h. Menú: 30 €
restaurante Don Mexilón, ás 22.00 h. Menú: 30 €

Co Xoves de Comadres arrinca o Entroido no Grove. Este primeiro xoves do Entroido ten lugar unha simbólica guerra de sexos na que as mozas fan uns bonecos ridículos con palla e trapos chamados compadres que defenden dos mozos que tentan apoderarse deles para rompelos. Homes e mulleres concéntranse diante da Casa do Concello para recoller o boneco e trasladalo ao restaurante. Este ano xúntanse de novo as dúas celebracións no mesmo día para tentar animar a festa e coa novidade da procesión dos galacticos que recorrerá as tabernas do Grove.

4 de marzo. Entroido. Venres de *jarana*

Restaurante Casa Campaña, ás 22.00 h. Menú: 30 €

18 MARZO. Mesa redonda “***Muller, creatividade e futuro***”. Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey, ás 20.30 h .

Unha conversa con mulleres sobre a creatividade, traballo e cambio social. Tita Álvarez Portela, Teresa González Costa, Lorena Moldes Otero, Laura García e Sandra Masias creadoras de “Rita Pajarita” son veciñas da nosa localidade exemplo de creatividade e gran esforzo para poder acadar os importantes logros nas súas especialidades., premios de literatura, premios en cociña... avalan un sobresaliente traballo a pesar da súa xuventude.

A Concellería de Igualdade e Benestar quere homenaxear a todas as mulleres traballadoras e creativas do noso concello con esta nova mesa redonda, nun faladoiro aberto a todos os veciños e veciñas do municipio.

19 de marzo. Premios Meca da Igualdade.

Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey, ás 20.00 h

Con motivo do Día da Muller Traballadora, o Consello Local da Muller premia todos os anos as mulleres, colectivos ou empresas máis destacadas da nosa vila. Este recoñecemento é un incentivo para animar a toda a sociedade a seguir traballando polas políticas de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, no traballo e na vida diaria.

Mes de marzo. Exposición *O Grove, feminino plural*. Na Casa da 3.ª Idade.

Con motivo do Día da Muller Traballadora, a Concellería de Igualdade e Benestar expón as virtudes da muller traballadora no Grove por medio da exposición *O Grove, feminino plural*. Un conxunto de fotografías de onte e hoxe que reflicten os avances da muller na nosa vila e no noso país.

25 de marzo. Curtas contra a violencia.

Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey, ás 20.30 h

A Concellería de Igualdade e Benestar achega unha serie de curtas para pasar un momento de película. Un extracto do día a día de distintas mulleres expresado a través do audiovisual. Cinco curtas que reflicten a esencia feminina a través das cuestións sociais, familiares, sexuais, reivindicativas ou de superación que lles afectan a elas... pero tamén a eles. Este traballo está feito en colaboración con Mr. Misto.

Marina, de Álex Montiya, España 2010. Duración 13´

A señora María, de Toño Chouza, Galiza 2009. Duración 3´

Yanindara, de Lluís Quílez, España 2009. Duración 20´

Marías de la O, de Carlos P. Santamaria, España 2010. Duración 5´

Burbuja, de Pedro Casablac e Gabriel Olivares, España 2009. Duración 12´

8 de abril. Curso de Risoterapia. Casa da Cultura Ángel Vázquez Hereder, San Vicente. Ás 20.00 h. Inscripcións no CIM.

Desde a antigüidade sábese que a risa e o bo humor curan enfermidades, e que as persoas máis sas son as máis optimistas e as que rin máis. O obxectivo destes talleres é abrírnos a un novo estado de conciencia onde a risa ten máis cabida cada vez para modificar o noso estado de ánimo, habitualmente estresado debido ás demandas da sociedade.

6 de maio. Curso de cociña vexetariana. Centro de ioga *Ajñã*. Ás 19.00 h. Inscripcións no Centro de Información á Muller ou no centro de ioga.

A concellería de Igualdade quere introducir outra maneira de entender a alimentación e a comida, unha proposta onde os vexetais teñen todo o protagonismo sen renunciar a unha dieta rica e equilibrada apostando polos produtos frescos.

7 de maio. Bandeira O Grove da Igualdade de traíñeiriñas.

Colabora a Concellería de Deportes e a Concellería de Igualdade. Organiza CR Mecos.

Porto do Grove, ás 17.00 h

Esta regata é unha reivindicación das mulleres remeiras que loitan por unha igualdade de oportunidades ante a federación. Unha vez máis, as augas do Grove son escenario desta reivindicación da muller no deporte.

15 de maio. Día da Familia. Parcela central da Illa da Toxa. A partir das 12.00 h

A Concellería de Igualdade en colaboración coa Asociación de familias numerosas organiza un día de lecer no monte central da Illa da Toxa. Carreiras, xogos, inchables... serán os entretementos dos máis novos acompañados polas nais e pais nun lugar emblemático da nosa vila ao longo de todo o día .

Ao longo desta xornada tamén contaremos con charlas informativas para as familias sobre recursos e outros aspectos da conciliación familiar.

17 de xuño. Curso de Risoterapia. Centro de ioga *Ajñã*. Ás 20.00 h. Anotarse no Centro de Información ás Mulleres ou no centro de ioga.

Desde a antigüidade sábese que a risa e o bo humor curan enfermidades, e que as persoas máis sas son as máis optimistas e as que rin máis. O obxectivo destes talleres é abrírnos a un novo estado de conciencia onde a risa ten máis cabida cada vez, para modificarmos o noso estado de ánimo, habitualmente estresado debido ás demandas da sociedade.

Meses de xullo e agosto. Escola de Verán. Información a partir do mes de maio na Casa Azul.

A Concellería de Xuventude organiza para este verán o campamento urbán “escola de verán” que ten como obxectivo contribuir a conciliación familiar e ao mesmo tempo crear un espazo de ocio, divertimento e aprendizaxe aos rapaces da vila de entre 3 e 12 anos.

O resto das actividades serán anunciadas no seu momento.

Viaxes culturais para mulleres

26 de marzo. A Armenteira-Ribadumia

As 16.30 h, desde a estación de autobuses

Visita pendente do ano 2010

A Ruta da Pedra e da Auga é de recente creación. Une os concellos de Ribadumia e Meis a través dun antigo camiño que utilizaban os devotos da Virxe das Cabezas nos luns de Pascua para expurgar os seus males. Camiñaremos durante dúas horas por lugares dunha beleza sorprendente, a carón de regatos e vellos muíños fariñeiros unidos nunha conxunción de pedra e de auga.

1, 2 e 3 de abril. Oporto-Braga-Guimarães-Coimbra

Custo: 135 €

Saída: venres 1, ás 16.00 h desde a estación de autobuses

Anotarse en *Viajes Arosa*

Oporto é unha das cidades máis bonitas de Portugal onde poderemos internarnos nas súas históricas rúas e espazos coas vistas máis impresionantes da cidade, e visitar a catedral, santuarios, termas... A fin de semana complementase con visitas ás vilas de Braga, Guimarães, Coimbra e Aveiro, a Venecia portuguesa, có fin de coñecer un pouco máis as vilas veciñas dun país irmán.

1 de maio. Mondariz

Custo: 20 €

Saída: ás 16.00 h desde a estación de autobuses

Inscripcións na Casa do Concello. Prazas limitadas

As augas de Mondariz: unha tarde diferente. Trataremos de pasar unha xornada na vila máis pequena, en extensión, de todo o Estado. Camiñar a carón do río Tea é descubrir un río cheo de vida e paisaxe onde acabaremos chegando á testemuña presente dunha época balnearia ancorada no pasado: o Gran Hotel de Mondariz. Non podíamos marchar sen mergullarnos no “Palacio da Auga” onde relaxados trataremos de encontrar unhas horas de tranquilidade e benestar.

IGUALDADE2011

Actividades todo o ano

Para mulleres

loga. Luns, martes, mércores e xoves

09.00–10.30 h

11.00–12.30 h

Venres, enerxía pránica

17.00–18.00 h

No centro *Ajñã*, rúa das Bouzas, 25

Ximnasia. Luns e mércores

19.45–21.00 h

21.00–22.30 h

No pavillón do colexio Rosalía de Castro

Para Maiores

Ximnasia. Martes e xoves

09.15–10.15 h

No pavillón municipal dos deportes

Piscina. Luns e mércores.

09.15–10.15 h

Na piscina do hotel Louxo.

Cursos de memoria e educación básica

Luns e venres. Ensino básico

10.30-12.00 h

Mércores. Estimulación cognitiva

10.30-12.00 h

Na aula de Protección Civil, Edificio da Torre

Anotarse no Centro de Información ás Mulleres

Para público en xeral

Programa de saúde e balneario, para residentes

Club Termal

Bañeira mineromedicinal

Tratamentos soriase e dermatite atópica con peloides e auga mineromedicinal.

Parafango

Inhalacións

PROGRAMA DE CURSOS xuventude e emprego 2010-11

Formación en técnicas de comunicación

Curso de Falar en Público, 12 horas repartidas en seis sesións.

Datas: 13, 14, 15, 16, 20, 21 de decembro de 20:00-22:00 horas

Custo: 24 €

Imparte: Academia Vox Populi

IV Obradoiro de Contacontos. 16 horas repartidas en oito sesións.
Custo: 32 €.
Datas: 10,11,12,13,17,18,19 e 20 de xaneiro de 20:00-22:00 horas
Imparte: Academia Vox Populi

Obradoiro de Escritura Creativa. 16 horas.
Custo: 32 €.
Datas: Os venres dende o 4 de febreiro ata o 25 de marzo de 20:00-22:00
Imparte: Academia Vox Populi.

Cursos de xestión empresarial

Iniciación á Contabilidade. 20 horas de duración.
Horario de 18:00 a 20:00 h.
Custo: 60 €.
Imparte a Escola de Negocios Epyme

Práctica Contable. De 20 horas de duración repartidas en 10 sesións.
Horario de 18.00 a 20:00 h.
Custo: 75 €. Imparte a Escola de Negocios Epyme.

Iniciación á Contabilidade Pública. De 20 horas de duración.
Horario: de 21:00-22:30.
Custo: 60 €. Imparte a Escola de Negocios Epyme.

Práctica Laboral Informatizada. De 20 horas de duración.
Horario: de 18:00 a 20:00 h.
Custo: 75 €. Imparte a Escola de Negocios Epyme

Básico de Contratos, Nóminas e Seguridade Social. de 15 horas.
Para realizar a partir do mes de febreiro do 2011.
Custo: 40 €. Imparte: xestoría administrativa Otero e Canoura

Básico de Creación de Empresa, de 15 horas de duración.
A realizar a partir do mes de febreiro do 2011.
Custo: 40 €. Imparte: xestoría administrativa Otero e Canoura.

Cursos de Informática. Impartidos por Servizos Informáticos Formas.

Iniciación á informática (15 h) – 32 €
Horario: martes e xoves de 10:00 – 11:30 h

Informática nivel básico (15 h) – 32 €
Horario: martes e xoves de 10:00 – 11:30 h

Informática nivel medio (20 h) – 43 €
Horario: martes e xoves de 10:00 – 11:30 h

Informática nivel avanzado (20 h) – 43 €
Horario: martes e xoves de 10:00–11:30 h.

Internet e correo electrónico. Nivel básico (15 h) – 32 €

Horario: martes e xoves de 10:00–11:30 h

Internet e correo electrónico. Nivel medio (15 h) – 32 €

Horario: martes e xoves de 10:00–11:30 h

Procesador de textos (Word) (20 h) – 43 €

Horario: mércores de 19:00–21:00 h

Folla de cálculo (Excel) (20 h) – 43 €

Horario: mércores de 19:00–21:00 h

Base de datos (Access) (20 h) – 43 €

Horario: mércores de 19:00–21:00 h

Seguridade en Internet (10 h) – 21 €

Horario: xoves de 18:00–20:00 h

Retoque fotográfico (15 h) – 32 €

Horario: xoves de 18:00–20:00 h

Deseño web básico (20 h) – 43 €

Horario: xoves de 18:00 – 20:00 h

OUTROS CURSOS:

Curso de Primeiros Auxilios. De balde

Duración: 20 h

Imparte Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Grove.

En colaboración coas academias Formas, Vox Populi, E-Pyme, Xestoria Otero Canoura e Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.